

# CONSTITUIÇÃO E CONSOLIDAÇÃO DA FRONTEIRA GALEGO-PORTUGUESA. A DIFUSÃO DO LÉXICO

Rosario Álvarez<sup>1</sup>

**Resumo.** A fronteira política entre Galicia e Portugal, que serve de límite lingüístico entre o galego (ao N) e o portugués (ao S), atravesa o territorio constitutivo do romance antigo a partir do cal se orixinaron estas dúas linguas; con pequenas alteracións ao longo da historia, o límite político e administrativo entre os dous países segue a ser o establecido a mediados do século XII. Por iso, a fronteira lingüística galego-portuguesa ten simultaneamente as características dun límite gradual, propio dunha área de *continuum* lingüístico, que remite a trazos compartidos moi antigos; e as características dun límite consecutivo, con feixes de isoglosas que coinciden no seu trazado. Parte do léxico característico ‘galego + portugués’ dá conta, aínda hoxe, daquela primitiva unidade lingüística e territorial anterior á excisión do reino de Portugal; outras voces, por contra, testemuñan a consolidación da fronteira resultante daquela división política, sexa porque nun dos territorios houbo unha perda sexa porque no outro as innovacións atinxiron o límite areal máximo.

A análise dos datos xeolingüísticos actuais permite reconstruír a tensión producida ao longo da historia na fachada atlántica da Península Ibérica (o espazo do bloque galego-portugués), onde o desprazamento dos focos emisores provocou a inversión das ondas difusoras de innovacións lingüísticas. A forma e disposición no espazo de áreas e isoglosas permite conxectar acerca da cronoloxía relativa dos trazos e dos cambios.

**Abstract.** The political border between Galicia and Portugal, which coincides with the linguistic border between Galician (to the north) and Portuguese (to the south), crosses through the original Romance area where these two languages emerged; the political and administrative border has remained substantially the same since it was established in the mid-twelfth century, give or take some minor modifications in the course of time. Hence the linguistic border separating Galician from Portuguese displays at the same time the characteristics of the gradual transition typical of a linguistic continuum based on ancient shared features, and of isogloss bundles following common routes. Today, part of the characteristic ‘Galician and Portuguese’ lexicon still harks back to the initial linguistic and territorial unity prior to the division of the kingdom of Portugal, while other lexical items, on the contrary, bear witness to the consolidation of the border that resulted from that political breakup, either on account of the loss of an item in one or the other of these areas or owing to innovations which spread throughout one of the resulting territories.

An analysis of present-day geolinguistic data permits the reconstruction of the tension throughout history along the Atlantic seaboard of the Iberian Peninsula (the space occupied by the block made up of Galicia and Portugal), within which area the switching of centres of influence led to reversals in the direction of the waves of diffusion of linguistic innovations. The shape and spatial arrangement of areas and isoglosses provides a basis for the building of hypotheses about the relative chronology of borderlines and changes.

**Palabras-chave:** Difusión lexical; Fronteira lingüística; Xeolingüística; Galego; Portugués

**Keywords:** Lexical diffusion; Linguistic border; Geolinguistics; Galician; Portuguese

---

<sup>1</sup> Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela (USC). [rosario.alvarez@usc.es](mailto:rosario.alvarez@usc.es). Traballo realizado no marco do proxecto *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués. Banco de datos electrónico (corpus galego) e cartografía automática*, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación [FFI2009-12110].

A fronteira lingüística actual entre o galego (ao N) e o portugués (ao S) coincide coa fronteira política entre Galicia e Portugal. Na metade occidental a “raia” márcaa o treito final do río Miño, que atravesa e vertebrada a Galicia oriental e vai morrer no Atlántico, deixando a un lado as terras do Baixo Miño galego e ao outro as do Minho portugués. Na metade oriental, na denominada “raia seca”, non sempre hai un accidente ou característica física do terreo que marque de maneira especial o límite entre os dous territorios; e, de feito, a raia está atravesada polos vales de dous importantes ríos que van desaugar en territorio portugués: o Limia ~ Lima, que asocia o seu nome a varias comarcas e vilas senlleiras en Galicia e en Portugal, únese ao mar en Viana do Castelo; o Tâmega ~ Tâmega vertebrada a comarca de Verín, cruza Trás-os-Montes, fai de límite entre esta provincia e a do Minho, dá nome a unha subrexión e únese ao Douro en Entre-os-Ríos (Penafiel). Estamos a falar dunha fronteira política que apenas sufriu alteracións desde que don Afonso Henriques proclamou a independencia de Portugal en 1139; en realidade, esa liña divisoria, que non sabemos a que criterios ou diferenzas respondía, xa servía de límite previamente entre os dous condados.

As referencias que agora e máis adiante faremos á antigüidade romana e medieval xustificanse porque o deseño do mapa dialectal da fachada ibérica atlántica ten unha base histórica que convén lembrar, coa brevidade de quen sabe que este non é o espazo nin a ocasión de facer unha exposición demorada. Galicia é a continuadora da antiga *Callaecia* ou *Gallaecia* anterior á romanización, tanto por manter o topónimo e o xentilicio coma por comprender a maior parte do antigo territorio. Os *callaicos* (ou *gallaicos*), divididos en *lucenses* e *bracarenses*, ocupan o territorio do NW da Península Ibérica, desde o mar Cantábrico ata o río Douro; polo leste o seu territorio chega ata o mesmo lugar en que hoxe se traza, convencionalmente, o límite entre galego e astur-leonés (marcado, sobre todo, pola non ditongación das vogais breves latinas). Con posterioridade, os romanos marcan distintos límites polo oriente, de modo que en sucesivas reparticións a Gallaecia romana pode comprender o territorio dos ástures (non galaicos) ou incluso territorios situados máis ao leste; mais sempre ten o mesmo límite polo sur, o Douro. Repárese en que as principais capitais dos *callaicos* son BRACARA > *Braga*, hoxe en territorio portugués, e LUCUS > *Lugo*, en Galicia.

O reino de Galicia (que nace cos suevos, c409-584) tamén tiña como capital Braga. A súa primeira fronteira meridional, coma a da primitiva Gallaecia, situábase no río Douro; teremos ocasión recordar e comprobar a importancia deste límite na descrición da variación dialectal perceptible aínda hoxe. Con posterioridade, o reino de Galicia vai anexionando territorios situados ao sur do Douro e chega a ocupar a parte central do Portugal actual; arredor de 1150,


despois da creación do reino de Portugal, o límite meridional coincide de maneira moi aproximada co debuxado polos dialectos centrolitorais (cf. Mapa nº 3).

## 1. A fronteira lingüística galego-portuguesa

Intencionadamente, imos presentar a fronteira lingüística entre o galego e o portugués vista por non galegos. Basearémonos primeiro en traballos xa clásicos de reputados dialectólogos portugueses, ningún deles raiano, polo que o seu recoñecido saber sobre a variación diatópica non se ve condicionado –nin positiva nin negativamente– pola proximidade ao obxecto de estudo; basearémonos tamén, a seguir, en estudos máis recentes doutros autores, con metodoloxía que tenta reducir no posible ou eliminar por completo toda intervención suxeitiva na explotación dos datos.

### *José Leite de Vasconcelos, Manuel de Paiva Boléo, Luis F. Lindley Cintra...*

Leite de Vasconcelos, na súa coñecida *Esquise* (1901) considera dentro dos dialectos portugueses o “portugués dos xudeus”, as variedades de ultramar en todos os continentes, as variedades insulares e as continentais, mais estas acaban na fronteira con Galicia. Ao norte dela, o galego é considerado un “codialecto”, isto é, unha póla lingüística separada e evolucionada en paralelo a partir dunha gran similitude antiga, medieval. Dá noticia do galego e caracterízao por contraste co portugués, pero non entra na súa descrición dialectolóxica. En todo caso, para o que a nós nos interesa agora, o límite entre os dous “codialectos” está na fronteira entre Galicia e Portugal (ao norte de Minho e Trás-os-Montes).




Mapa nº 1. Fragmento do *Mapa dos dialectos e falares de Portugal* (Boléo / Silva 1961)


Tampouco Manuel de Paiva Boléo e Maria Helena Santos Silva (1961) consideraron o galego dentro do seu *Mapa dos dialectos e falares de Portugal Continental*, realizado na secuencia do mapa de Leite de Vasconcelos, que se pretende “actualizar e rectificar” tomando como base fundamental os datos proporcionados polo I.L.B. (Mapa nº 1). O territorio estudado defínese política e xeograficamente (Portugal / continental); o gran dialectólogo coimbrán prescinde do

“codialecto”, situado fóra do abano variacional do portugués, de modo que Galicia e as súas variedades lingüísticas están lonxe do seu foco de interese. O límite norte da lingua estudada sitúase na fronteira política con Galicia: en occidente o conxunto de variedades recollidas baixo o rótulo “falar minhoto”; no oriente as recollidas baixo o de “falar trasmontano”; ambas teñen como límite sur o da Gallaecia romana.

O mapa máis recoñecido dos dialectos portugueses é o do profesor Cintra (1971) (Mapa nº 2). Dunha parte, traza un límite nítido polo leste que separa o bloque galego-portugués do dominio hispánico central, para o que toma de forma convencional, como é comunmente aceptado na dialectoloxía hispánica, a isoglosa de non ditongación de /*Ö, Ę*/ latinos. Doutra, as isoglosas dunha serie de trazos fonéticos significantes permítenlle: (a) trazar un límite nítido no norte, seguindo a fronteira política, para deixar os “dialectos galegos” separados dos “dialectos portugueses” propiamente ditos; (b) observar que as isoglosas se entrecruzan na metade norte de Portugal – *grosso modo*, nunha área que vai do Douro ata o val do río Zézere, e desde o seu empate co Tejo segue o curso deste camiño do Mar da Palha–, en tanto que ao sur desa liña eses mesmos trazos conforman unha área homoxénea; (c) establecer unha serie de dialectos dentro do dominio portugués.



Mapa nº 2. Trazos fonéticos considerados por Cintra 1971



Mapa nº 3. Mapa dos dialectos portugueses elaborado por Segura / Saramago (2001) a partir de Cintra 1971

Eses son os dialectos recollidos no mapa, visualmente máis eficaz, elaborado por Segura/Saramago (2001) a partir do de Cintra (Mapa nº 3), no que estes dialectólogos, destacados membros do equipo do ALEP-G (*Atlas Lingüístico e Etnográfico de Portugal e da Galiza*) xa non

consideran as variedades galegas na súa presentación). No norte, un grupo de variedades setentrionais: ao sur da fronteira galega, basicamente os dialectos transmontanos e alto-minhotos; a seguir, tocando con Galicia só na estrema NW, os dialectos baixo-minhotos-durienses-beirões. Segue un grupo de variedades centro meridionais: os dialectos do centro litoral, como unha sorte de transición; ao sur deles, os dialectos do centro interior e do sur.

En suma, tamén para Cintra e os seus seguidores, o trazado do límite co galego e a consistencia deste como fronteira lingüística son incuestionables, do extremo occidental ao oriental. Ademais, destaca que no norte de Portugal se producen grupos de variedades que, con visible gradación, no sentido dos paralelos, constitúen a transición entre o galego e o portugués centromeridional (no que, non se esqueza, está baseada a “língua padrão”).

### ***Outras aproximacións: Hans Goebel, João Saramago***

Desde unha opción metodolóxica diferente, que procura superar a suxeitividade do observador coa contundencia dun grande número de datos sometidos a unha análise estatística, Hans Goebel confirma a existencia desa fronteira, que aparece reflectida nos seus mapas dialectométricos, reiteradamente, dunha maneira rotunda. En Goebel (2011 e 2013) mostra resultados a partir de 375 mapas de traballo con información fonética, morfolóxica e léxica tomada dos 70 mapas do único volume editado do *ALPI* (*Atlas Lingüístico da Península Ibérica*). É importante tomar en consideración que a maior parte dos datos en que se basea a análise son fonéticos (189 vocalismo + 142 consonantismo), xa que neste campo existe tamén o maior contraste perceptible entre galego e portugués.


O Mapa nº 4 representa unha síntese isoglótica en dez intervalos (Goebel 2013: 151). Coma adoito, as cores frías representan valores de distancia interpuntual por riba da media, extremos nos máis escuros; dito doutro xeito, canto maior é a distancia entre dous puntos, máis azul e máis grosa é a liña que separa os dous polígonos. Grazas a esta visualización, “se percibe la coincidencia casi perfecta de las fronteras políticas y lingüísticas de Portugal” (Goebel 2011: 20) e, engadimos nós, do galego, que se distancia tanto dos veciños do sur (malia formaren parte do mesmo bloque lingüístico) coma dos veciños do leste (antigo bloque astur-leonés). Se se observa ben o mapa de Portugal verase tamén unha diferenciación no eixe N-S, recorrente nas descrições feitas con outros métodos (cf. Cintra 1971), explicable tendo en conta a historia da lingua.

No Mapa nº 5, Goebel (2013: 154) debuxa áreas na rede de puntos aglomerándoos por similitude; o mapa coroplético vai acompañado dun dendrograma, que visualiza de forma xerárquica as aglomeracións representadas polas cores do mapa. Segundo o mesmo autor (2013: 148), esta xerarquía mostra a situación seguinte:

a) No primeiro nivel xerárquico todo o dominio hispánico central (B) distánciase da periferia (A), que se dispón en senllas bandas, a oriente e a occidente. Respecto do bloque hispánico central, o bloque hispánico occidental (ámbito do galego-portugués) e o bloque hispánico oriental (ámbito do catalán) manteñen un nivel xerárquico similar.


b) Na bifurcación seguinte, desconéctase o galego do portugués (C). As versais van marcando a orde das bifurcacións na árbore xerárquica: seguen a que fractura o dominio do catalán (D), a que separa o astur-leonés (E) e a do andaluz (F), e aínda viría a aragonesa, sen letra no mapa (corema nº 7).

c) Se en lugar de facermos oito intervalos fixésemos menos, irían reducíndose en sentido inverso. Así, se fosen 7 os dendremas, desaparecería o grupo 7 (aragonés) deste mapa, que quedaría incluído no grupo 6 (vid. Goebel 2011: tabla 29); se fosen 6, desaparecería o grupo 8 (andaluz), tamén incluído no grupo 6, co castelán. Se só houberse catro, serían B (englobando 5, 6, 7, 8), D (englobando 3 e 4), C1 (galego) e C2 (portugués).



Mapa 2: Un mapa interpuntual de tipo isoglótico  
 Algoritmo de visualización: MEDMW 10-tuplo  
 Medición de distancia:  $IRD_{jk}$   
 Corpus: corpus integral (375 mapas de trabajo)

Mapa nº 4. Tomado de Hans Goebel 2013



Mapa 7: Clasificación jerárquica aglomerativa: árbol genealógico y espacialización  
 Algoritmo de clasificación: según Joe Ward, Jr.  
 Medición de similitud:  $IRS_{jk}$   
 Corpus: corpus integral (375 mapas de trabajo)  
 Arriba: la espacialización del árbol genealógico  
 Abajo: el árbol genealógico  
 Subagrupación en 8 dendremas y coremas similarmente coloreados

Mapa nº 5. Tomado de Hans Goebel 2013

En suma, o método dialectométrico reforza a percepción da distancia entre galego e portugués modernos, superior á que se establece internamente dentro de calquera dos outros bloques lingüísticos peninsulares; os mapas resultantes mostran, asemade, que os respectivos dominios teñen como límite a fronteira que xa reconecemos en estudos anteriores. Insistimos,

con todo, na advertencia feita anteriormente, no sentido de que os datos de base computados por Hans Goebel a partir dos mapas do *ALPI* son sobre todo fonéticos.

João Saramago (2002) fixo unha aproximación dialectométrica á diferenciación léxica entre galego e portugués, tomando como base materiais portugueses inéditos do *ALPI* e os galegos do *ALGa* (só os puntos que coinciden de maneira aproximada cos da rede galega do *ALPI*); a matriz de datos fíxose a partir das respostas a 45 conceptos de diversos campos. Aínda que poida haber certa distorsión, provocada polas case catro décadas de distancia entre as dúas campañas de recolleita de datos, os resultados son bastante concluíntes.


O mapa Mapa nº 6 representa a variación interpuntual entre todos os puntos da rede considerada (Saramago 2002: 67; as frechas son nosas)<sup>2</sup>. Á súa vista, Saramago observa que “é bem visível a coincidência da linha de divisão política com a da maior diferenciação lexical” (2002: 64), pois todos os interpuntos teñen valores por riba da media; a partir dela, verifícase diferenciación léxica en cada unha das áreas. Observa tamén que en Portugal se dá “uma coincidência de certos acidentes geográficos com áreas ou linhas interpontuais em que ocorre uma maior variação lexical” (2002: 64). Engadimos nós que estas liñas son coincidentes coas que reiteradamente vemos noutros mapas non léxicos: a liña superior coincide *grosso modo* coa da primitiva Gallaecia, onde Cintra sitúa o límite dos dialectos setentrionais; o espazo central con respecto de mosaico corresponde coas sucesivas expansións históricas e os movementos antigos da fronteira cara ao sur; finalmente, reitérase a escasa variación no territorio meridional.

É salientable a homoxeneidade interna do espazo galego, sobre todo no galego central; tamén na franxa norte portuguesa, entre a fronteira galega e o val do Douro; e a do portugués meridional, ao sur dunha liña que vai por baixo de Coimbra e Leiria ata o val do Tejo, antes de que este torza en dirección SW cara á desembocadura. Tamén parece que se homoxeiniza a banda costeira, e a este respecto é interesante salientar a maior contundencia da fronteira galega na raia seca ca no Miño. Compárese este mapa cos elaborados por Cintra (1971) con datos fonéticos e percibirase unha gran coincidencia de base: a frecha vermella apunta á liña de grosos puntos negros que marca o límite coas variedades galegas; a frecha verde apunta á liña de puntos que marca o límite dos dialectos portugueses setentrionais (é tamén o límite S da Gallaecia); entre as frechas verde e azul, a área central en que se entrecruzan isoglosas de distinto tipo; finalmente,

---

<sup>2</sup> Información útil para a comprensión e valoración deste mapa: o índice relativo de distancia (IRD) mínimo é 9.668; o IRI máximo 65.85; a media aritmética, 34.45. Os valores están ordenados en seis intervalos: os tres que están por baixo da media represéntanse con círculos brancos e os tres máis altos con círculos negros, ambas as series con signos de tamaño ascendente (nun extremo o punto branco pequeno, no outro o punto negro grande). Grupo 1º, intervalo 9.68-17.93; grupo 2º, 17.94-26.19; grupo 3º, 26.20-34.45; grupo 4º, 34.46-44.91; grupo 5º, 44.92-55.38; grupo 6º, 55.39-65.85.

a frecha amarela apunta a esa área meridional de gran homoxeneidade en que os puntos negros faltan case por completo.



Mapa nº 6. Variación interpuntual, datos léxicos (Saramago 2002)

Mapa nº 7. Distancia entre Oímbra e os outros puntos da rede. Datos léxicos (adaptado de Saramago 2002)

O Mapa nº 7 (Saramago 2002: 68) mide a distancia entre un punto fronteirizo (Oímbra, no sur de Ourense, Galicia, marcado por nós cunha circunferencia vermella) e os restantes da rede, tomando como base o índice relativo de distancia<sup>3</sup>. Lémbrese que os símbolos brancos indican unha distancia por baixo da media, menor canto máis pequeno sexa o tamaño. O mapa mostra como no territorio constitutivo do protorromance galego (de onde galego + portugués), que comprende o territorio portugués situado ao norte do Douro, a distancia está sistematicamente por baixo da media. Ao sur dunha liña que vai, *grosso modo*, da ría de Aveiro (formada polo Vouga, na costa occidental) ao val do Douro na raia oriental, todos os signos indican distancia, crecente, por riba da media; foi marcada por nós cunha frecha vermella e unha liña que cruza o mapa de Portugal. Advírtese tamén, coma noutros casos, maior homoxeneidade na franxa costeira; as novidades lingüísticas, en todas as épocas, circularon e se difundiron mellor nesta zona de fácil e continuo tránsito.

<sup>3</sup> O IRD mínimo é 22.22; o máximo, 84.44; a media aritmética, 59.17. Os valores ondénanse de novo en seis intervalos, co mesmo tipo de representación: 1º, 22.22-34.53; 2º, 34.54-46.85; 3º, 46.86-59.17; 4º, 59.18-67.59; 5º, 67.60-76.02; 6º, 76.03-84.44 (Saramago 2002: 63).




Polo tanto, as dúas análises ofrecidas por Saramago mostran que tamén no léxico se confirman os dous comportamentos da fronteira lingüística entre galego e portugués: dunha parte, vese un límite moi evidente e consistente coincidindo coa fronteira política entre Galicia e Portugal; doutra, hai un límite que se corresponde, de maneira aproximada, coa fronteira sur da Gallaecia; e, finalmente, aínda un terceiro límite que se corresponde coa fronteira meridional máxima do antigo reino de Galicia e, por tanto, coa que tería o reino de Portugal no momento da independencia.

## 2. O reflexo xeolingüístico da unidade básica primitiva

A xeografía lingüística dá conta, tamén e con frecuencia, daquela unidade lingüística básica e primitiva. E non só porque moitos dos trazos que diferencian o portugués fronte ao castelán (~ español) son compartidos polo galego (*porta* / *puerta*, *lua* / *luna*, *pau* / *palo*, *cebola* / *cebolla*, *farinha* (~ *farinha*) / *harina*, *albo* (~ *allo*) / *ajo*, *primeiro* / *primero*, *eu* / *yo*, *meu* / *mío*, etc. etc.), senón tamén porque moitos dos trazos que caracterizan as variedades portuguesas setentrionais, fronte ao resto do territorio, forman unha área continua cos correspondentes galegos. Se consideramos os sete trazos fonéticos empregados por Cintra (1971) para elaborar o seu mapa, observamos as seguintes coincidencias: (a) a non ditongación de /*õ*, /*ẽ*/ latinos sérvelle para marcar o límite leste de todo o bloque, posto que define tanto o dominio galego coma o portugués e, por confrontación, deixa fóra todo o bloque hispánico central; (b) o enxordecemento das fricativas /*ʒ*/ e /*z*/ é unha característica diferencial do galego fronte ao portugués, que o autor traza de forma coincidente coa fronteira de Galicia; (c) nos restantes casos, a forma considerada “dialectal” ou “não padrão”, sitúase ao norte da isoglosa e coincide coa correspondente galega (inexistencia da oposición /*v*:/ /*b*/, resolta a favor de /*b*/; oposición /*tʃ*:/ /*f*/; caracterización das consoantes fricativas alveolares como “apicoalveolares”; pronuncia como ditongos de /*ou*/ e de /*ei*/). O enxordecemento das fricativas sonoras é un trazo do galego que reduce así o seu sistema fonolóxico medieval e perde unha característica que compartillaba co portugués; nos restantes casos, galego e portugués setentrional continúan os trazos da lingua antiga, da que se afastou o centro-sur.

O mapeamento do léxico característico ‘galego + portugués’ dá conta, tamén, con frecuencia, daquela primitiva unidade lingüística e territorial anterior á excisión do reino de Portugal. No Mapa nº 8 representamos esquematicamente a distribución de denominacións a partir dos mapas en que se baseou Cintra (1983) para a elaboración do seu coñecido traballo sobre as áreas lexicais, que Sousa e Dubert (2002) acrecentaron cos mapas galegos correspondentes. Dos 8 conceptos que serviron de base a Cintra/Sousa & Dubert deixamos fóra

o de [*vaca*] *maninha, machorra, marroa...* e o de *queijo, paço, bico...*, non porque dean resultados moi diferentes aos restantes, senón porque inclúen varias denominacións e a excesiva superposición de liñas isoglóticas dificultaba a visión conxunta do mapa.



Mapa n° 8. Elaborado a partir de Dubert&Sousa 2002, que seguen os oito conceptos de Cintra 1983

Observando a distribución espacial das variantes léxicas, pódese concluír, en sentido concorrente coas apreciacións anteriores:

a) As isoglosas seguen un trazado SW <—> NE. Dispóñense unhas a seguir doutras ou entrecrúzanse, nunha banda de transición gradual que cruza Portugal desde Trás-os-Montes ata Lisboa. A disposición e o espazo son similares aos descritos para os trazos fonéticos empregados por Cintra (cf. Mapa n° 2, supra); repárese tamén na coincidencia da liña meridional desta maraña de isoglosas coa que separa os dialectos centro-meridionais da súa clasificación (cf. Mapa n° 3, supra). Unha vez máis, ao sur desa liña, hai homoxeneidade.

b) Ao norte das distintas isoglosas sitúase a forma coincidente co galego, formado áreas continuas: *ubre* ~ *úbere*, *soro*, *año* ~ *anho*, *cabrito*, *espiga*, {*muxir* ~ *mugir*, *monxer* ~ *monger*, *munguir*...}. Testemuñan estratos antigos e, á súa vez, a comunidade lingüística primitiva.

c) Nalgúns casos, a forma portuguesa central ou centro-meridional dáse en áreas marxinais do galego, sempre na banda oriental, pois a variante trasmontana prolóngase nos territorios galegófonos contiguos: *amoxo* ~ *amojo*, *maçaroca* ~ *maçaroca*. O caso de *año/cordeiro/borrego* é significativo: *año* ~ *anho* (lat. AGNUS) e a forma tipicamente galega e minhota; *cordeiro* (lat. v. \*CORDARIU) é a forma do galego oriental e de toda a área centro-setentrional

portuguesa descrita; ao sur dela, no portugués centro-meridional, atopamos *borrego*, de formación romance, inexistente en galego.


d) Con frecuencia, a forma centro-meridional ten continuidade no hispánico central: en español, *cordero* e *borrego*, *chivo*, *mazorca*, *ordeñar*. En dous casos, é a forma do norte a cognada da solución castelá: *ubre*, *soro* = *suro*.

### 3. A consolidación e reforzamento da fronteira


Outros datos, por contra, testemuñan a consolidación da fronteira resultante daquela división política que determinou historias paralelas cando non diverxentes. Como veremos, as evolucións e innovacións producidas en cada un dos sistemas lingüísticos difúndense nos respectivos territorios sen sobrepasaren o límite areal máximo, marcado pola fronteira política. Son moi numerosas as isoglosas de fenómenos fonéticos e morfolóxicos que se agrupan nun feixe único que percorre o mesmo trazado cá fronteira política. Vista desde a perspectiva do galego, e só por mencionar algúns trazos de importancia, sinalaremos: a xa aludida perda de fricativas sonoras, pois /ʃ/:/ʒ/ > /ʃ/ e /ʒ/:/z/ > /z/; a existencia do fonema /θ/, creación galega a partir da antiga oposición /s/:/z/; a existencia de catro fonemas nasais, un dos cales é o velar /ŋ/ (*unba*, *algunba*...); o fenómeno da gheada, polo que /g/ evolucionou a /ħ/, con distribución dialectal que alcanza toda a fronteira; a inexistencia de vogais nasais e ditongos nasais; o mantemento da distinción entre *canción* (<-ONE) e *pan* (<-ANE) (pt. *canção*, *pão*); os plurais do tipo *canções* (dial. *canções*, *canções*), fronte a pt. *canções*; a distinción pronominal de dous clíticos na P2sg, *te* ‘reflexivo’ e ‘acusativo’ e *che* ‘dativo non reflexivo’ (pt. *te*); a acentuación paroxítona, etimolóxica, nas P1pl e P2pl de formas verbais coma *cantabamos*, *cantaríamos*, *colleramos* (pt. *cantávamos*, etc.); moitos outros trazos da morfoloxía verbal, coma o morfo *-n* na P1sg do pretérito (*comín*, *partín*; pt. *comi*), *colleron* (-ERUNT, pt. *colberam*), gal. *colliche(s)* (pt. *colbeste*), etc. etc.

Para ilustrarmos o mesmo comportamento no campo do léxico achegamos como exemplos dous mapas tirados de Fernández Rei (2002), dunha serie que ilustra a localización de variantes lingüísticas no territorio da primitiva Gallaecia, a partir de datos do *ALPI*. Na esquerda (Mapa nº 9), o mapa de *aceiro/aço*: a forma portuguesa *aço* é formación regresiva a partir de *aceiro* < lat. t. ACIARIUM (adxectivo: FERRUM ACIARIUM), este á súa vez derivado latino de ACIES ‘punta, corte, fío, gume’; segundo Houaiss, que remite a A. G. Cunha, a primeira datación en portugués é a1279; no *TMILG* nunca se rexistra en galego. O mapa mostra como esta innovación *aço*, tipicamente portuguesa, se estendeu a todo o dominio desta lingua e varreu a primitiva *aceiro* (herdeira da latina) ata o límite da fronteira; a difusión, que vén desde o S, non penetrou en

Galicia. Chama a atención o que ocorre en puntos estritamente fronteirizos: non é influencia do galego, do leonés nin do español, senón pervivencia da forma primitiva.



Mapa nº 9. Tomado de Fernández Rei (2002: 157)



Mapa nº 10. Tomado de Fernández Rei (2002: 161)

Ollemos agora para o Mapa nº 10, coas denominacións do que os galegos chamamos *coitelo* e os portugueses *faca*, ese utensilio que usan os comensais para cortar os alimentos. A forma *cutelo* ten unha dilatada historia en portugués, que deixou abundante familia (*cutela*, *cutelaço*, *cutelada*, *cutelaria*, *cuteleiro*...); na actualidade, os dicionarios atribúenlle varias acepcións entre os ‘instrumentos cortantes’, mais a primeira non é a do utensilio que usamos na mesa para cortar os alimentos<sup>4</sup>. Para o mesmo concepto do *coitelo* galego, o portugués (polo menos o europeo), prefire *faca*, de orixe controvertida e non documentada antes do século XV (A. G. Cunha, apud Houaiss; comprobado no corpus de Davies/Ferreira); a innovación produciuse no sur e difundíuse en varias direccións, tamén cara ao norte. No mapa vemos restos aínda de descendentes galego-portugueses de *CUTELLU* co mesmo significado, representados por círculos azuis; no norte de Portugal son xa poucos e fronteirizos os lugares en que só se recolle esta variante: son moito máis frecuentes os lugares en que aparece como segunda resposta e máis aínda aqueles en que *faca* xa completou o proceso de substitución.

<sup>4</sup> Damos como mostra as tres primeiras acepcións de Houaiss e Priberam, respectivamente: “1. Instrumento composto de uma lâmina cortante e semicircular, presa a um cabo de madeira, empr. outrora em execuções por decapitação. 2. Instrumento cortante us. para talhar, cortar carnes. 3. Faca grande de ferro us. para amassar o barro nos fornos de tijolo”. / “1. Instrumento cortante em forma de crescente com cabo de madeira. 2. Antigo instrumento de decapitação. 3. Faca de tijoleiro”.

Non hai moito tempo ocupámonos das denominacións dos recipientes para beber en galego e portugués (Álvarez 2012), entre eles, da *cunca* vs *malga* e *tigela*. O recipiente semiesférico e sen asas en que se toman bebidas, nomeadamente o caldo, é en galego unha *cunca*; en portugués, a especialización de *tigela* como equivalente de gal. *cunca* debe ser tardía, pois a documentación fai ver que pt. *tigela* designaba un recipiente de mesa ou de cociña feito de barro, apto para diversos usos; canto a *malga*, que Figueiredo define como “Tigela vidrada, branca ou de cor”, é voz completamente descoñecida e opaca para un galego. Tras o estudo da historia e distribución destas voces chegamos á conclusión de que “pt. *malga* < *Málaga* é a pegada lingüística dunha relación cultural establecida entre ese foco de produción/exportación [Málaga, árabe na altura] e a sociedade portuguesa, moito máis en contacto co esplendor e sofisticación da cultura islámica; mais nunha chegou a afectar ás denominacións dadas pola sociedade galega aos mesmos produtos, se é que algunha vez chegaron ao NW peninsular en cantidade suficiente para deixaren nome perdurable”. A innovación cultural e lingüística difundíuse en Portugal desde o sur cara ao norte e acadou o límite areal da fronteira, mais nunca chegou a cruzala<sup>5</sup>.

#### 4. Tensións xeolingüísticas na fachada atlántica

Ata agora viñemos comentando o trazado de diversas isoglosas e observando algúns mapas dialectais tomados a título de exemplo, con referencias continuadas a traballos doutros autores, para concluír que se dan tendencias xeolingüísticas, basicamente coincidentes, en dous sentidos principais, sobre os que volveremos a seguir; e que isto ocorre tanto no léxico coma noutros ámbitos da lingua (fonético-fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos).

A modo de conclusión, diremos que en toda esta fachada atlántica da Península Ibérica se observan tensións xeolingüísticas aparentemente contraditorias, con ondas difusorias que nuns trazos parecen ter o epicentro no norte e noutros no sur; e, sobre todo, con isoglosas que nuns casos cruzan Portugal en dirección NW > SE, co que visto desde o N parece que os trazos acadaron maior territorio do interior, e noutros cruzan en dirección SW > NE, co que, de novo visto desde o N, parece que os trazos acadaron maior difusión na banda costeira. Na nosa exposición pretendemos mostrar que non hai contradición ningunha; que estes movementos teñen a súa explicación histórica, pois o desdoblamento e desprazamento dos focos emisores provocou novas ondas difusoras de innovacións lingüísticas, en parte en sentido contrario ao de épocas precedentes; e que a forma de se dispoñeren no espazo as áreas e isoglosas de cada fenómeno permite conxecturar acerca da cronoloxía relativa dos trazos e dos cambios.

---

<sup>5</sup> O *TLPGP* (= *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*) rexistra *malga* (var. *marga*) en 13 concellos situados ao N do río Douro; non hai rexistros galegos. Tampouco hai rexistros nas bases *TMILG* e *TILG* (baseadas en textos medievais e modernos, respectivamente) nin no *DdD* (diccionario de dicionarios, que permite a consulta conxunta das obras lexicográficas galegas, desde o séc. XVIII, excluídas as máis recentes, en explotación comercial).

As tendencias e tensións xeolingüísticas observadas son, ao noso xuízo, as seguintes:

a) A difusión desde o N, con orixe na actual Galicia ou no territorio portugués, provoca áreas do tipo marcado pola liña verde no mapa. As isoglosas corren en sentido SW > NE en distintas latitudes, sen ultrapasaren a rexión lisboeta. Son máis antigas: os trazos representados ou ben se limitan ao territorio constitutivo ou ben acompañaron a expansión coa Reconquista.

b) A difusión desde o S provoca áreas do tipo marcado pola liña amarela. As isoglosas corren en dirección NW > SE e poden acadar maior ou menor extensión dentro de Portugal. Son máis recentes, posteriores á constitución da área Coimbra-Leiria-Santarém-Lisboa como centro político e cultural, e en consecuencia centro de prestixio lingüístico.

c) Como se ve por ambas, o espazo de maior e máis rápida circulación das innovacións lingüísticas é litoral; no interior, máis montañoso, menos poboado e peor comunicado, as novidades circulan máis lentamente. A xeografía física portuguesa determina, en todos os tempos, o tipo de ocupación do territorio e tamén esta facilidade de tránsito na franxa paralela á costa.

d) As difusións marcadas con verde, antigamente, non toparon co actual límite entre Galicia e Portugal; a partir dun certo momento, a difusión con orixe en Galicia detense na fronteira. O mesmo ocorre, cando se invirte a localización do centro de prestixio, cos trazos vindos do S: chegan á fronteira e cesa a difusión. A liña vermella marca ese límite entre galego e portugués.



Mapa n° 11. Tensións xeolingüísticas no bloque galego-portugués

## 5. Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ, Rosario / Francisco DUBERT GARCÍA / Xulio SOUSA FERNÁNDEZ (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 2002 [<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>].
- ÁLVAREZ, Rosario: “Apuntes para a historia do léxico galego e portugués. Os nomes dos recipientes para beber”, en Aparecida Negri ISQUERDO / Maria Cândida Trindade Costa de SEABRA (orgs.): *As Ciências do Léxico: Lexicología, Lexicografía e Terminologia*. Vol. VI. Campo Grande –MS: Editora da UFMS, 2012, 35-58.
- BOLÉO, Manuel de Paiva / Maria Helena Santos SILVA: «O 'Mapa dos dialectos e falares de Portugal continental'», *Boletim de Filologia* 20, 1961, 85-112.

- CINTRA, Luis F. Lindley: "Nova proposta de classificação dos dialectos galego-portugueses", *Boletim de Filologia* 22, 1971, 81-116.
- CINTRA, Luis F. Lindley: "Áreas lexicais no território português", en *Estudos de dialectologia portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa, 1983, 55-94.
- DAVIES, Mark / Michael FERREIRA: *Corpus do Português (45 milhões de palavras, sécs. XIV-XX)*. <http://www.corpusdoportugues.org> [Consultado: abril 2013].
- DdD = SANTAMARINA, Antón (ed.): *Dicionario de dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>.
- DUBERT GARCÍA, Francisco / Xulio SOUSA FERNÁNDEZ: "Áreas lexicais galegas e portuguesas. A proposta de Cintra aplicada ó galego", en ÁLVAREZ / DUBERT / SOUSA, 2002, 193-222.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco: "Do Ortegal ó Douro e de Fisterra ó Navia e ó Padornelo. Notas sobre léxico moderno da Gallaecia e do seu litoral", en ÁLVAREZ / DUBERT / SOUSA, 2002, 147-192.
- GOEBL, Hans: "Áreas, fronteras, similitudes y distancias: lección breve de geolingüística cuantitativa", en Ramón D'ANDRÉS DÍAZ (coord.): *Lengua, ciencia y fronteras*. Uviéu: Trabe / Anexos de *Revista de Filoloxía Asturiana*, 2011, 11-33 [apéndice de mapas fóra da numeración].
- GOEBL, Hans: "La dialectometrización del ALPI: rápida presentación de resultados", en Emili CASANOVA HERRERO / Cesáreo CALVO RIGUAL (eds.): *Actas del XXVI Congreso Internacional de Lingüística y de Filología Románicas. Valencia 2010*, vol. VI. Berlin/Boston: De Gruyter, 2013, 143-154.
- HOUAISS, Antônio et al.: *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva, 2001 [versión electrónica].
- LEITE DE VASCONCELOS, José: *Esquisse d'une Dialectologie Portugaise*, 3ª edição. Lisboa: INIC / CLUL, 1987 [1ª ed., Paris 1901].
- PRIBERAM = *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa*. <http://www.priberam.pt/dlpo/>.
- SARAMAGO, João: "Diferenciação lexical interpontual nos territórios galego e português (estudo dialectométrico aplicado a materiais portugueses do ALPI e a materiais galegos do ALGa)", en ÁLVAREZ / DUBERT / SOUSA, 2002, 41-68.
- TILG = SANTAMARINA, Antón (dir.). *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/TILG> [Consultado: abril 2013].
- TLPGP = ÁLVAREZ, Rosario (coord.): *Tesouro do léxico patrimonial galego e português*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/Tesouro> [Consultado: abril 2013].
- TMILG = VARELA BARREIRO, Xavier (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/tmilg> [Consultado: abril 2013].